

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Dixitalización	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A materia Dixitalización dá resposta á necesidade de adaptación á forma en que a sociedade actual obtén a información e en que se relaciona e produce coñecemento no alumnado que lle permita satisfacer as necesidades, individuais ou colectivas, que se foron establecendo de forma progresiva na vida das persoas e no funcionamento da sociedade e da cultura dixital. Pero a formación da cidadanía actual vai máis alá da alfabetización dixital, xa que require unha atención específica á adquisición dos coñecementos necesarios para usar os medios tecnolóxicos de maneira ética, responsable, segura e crítica.

A materia aborda determinados temas que teñen unha clara relación coas características propias da sociedade e da cultura dixital, tales como: o consumo responsable, o logro dunha vida saudable, o compromiso ante situacións de iniquidade e exclusión, a resolución pacífica dos conflitos en contornas virtuais, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, a aceptación e o manexo da incerteza, a valoración da diversidade persoal e cultural, o compromiso cidadán no ámbito local e global e a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. Promove, a través da participación de todo o alumnado, o logro dunha visión integral dos problemas, o desenvolvemento dunha cidadanía dixital crítica e a consecución dunha efectiva igualdade de xénero.

Tamén trata de favorecer aprendizaxes que lle permitan ao alumnado facer un uso competente das tecnoloxías, tanto na xestión de dispositivos e contornas de aprendizaxe coma no fomento do benestar dixital, o que posibilita que o alumnado tome conciencia e constrúa unha identidade dixital adecuada. Esta materia ten un carácter interdisciplinario, polo que contribúe á consecución das competencias clave do perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica e á adquisición dos obxectivos de etapa.

A materia aprofunda nos coñecementos, destrezas e actitudes en competencia dixital cunha metodoloxía práctica e abórdase cun enfoque transversal e continuado ao longo do curso dos contidos necesarios para poder exercer unha cidadanía dixital activa e comprometida de modo seguro, completando o proceso de formación dixital do alumnado.

Os criterios de avaliación están enfocados a que o alumnado reflexione sobre a propia práctica tomando conciencia dos seus hábitos e a que xere rutinas dixitais saudables, sostibles e seguras, á vez que críticas, con prácticas inadecuadas. A aplicación deste enfoque competencial conduce ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes no alumnado que fomentan distintas formas de organización do traballo en equipo e o debate interdisciplinario ante a diversidade de situacións de aprendizaxe que interveñen na materia.

O desenvolvemento da materia permite conectar coa realidade do alumnado partindo das súas dúbidas e problemas en relación cos usos tecnolóxicos particulares, á vez que sociais, académicos e laborais. Tamén debe supoñer un avance informado e práctico na mellora da propia seguridade na Rede, nas interaccións coas outras persoas e coas distintas aplicacións usadas polo alumnado, axudándolles a entender que Internet é un espazo no que é necesario aplicar criterios para contextualizar e contrastar a información, as súas fontes e os seus propósitos, así como unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento da aprendizaxe ao longo da vida.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos e conectar e configurar dispositivos a Redes domésticas, aplicando os coñecementos de hardware e sistemas operativos para xestionar as ferramentas e instalacións informáticas e de comunicación de uso cotián.			1-2	4-5	1-5		3	
OBX2 - Configurar a contorna persoal de aprendizaxe interactuando e aproveitando os recursos do ámbito dixital para optimizar e xestionar a aprendizaxe permanente.				1-2-3-5	1-4-5		3	
OBX3 - Desenvolver hábitos que fomenten o benestar dixital aplicando medidas preventivas e correctivas para protexer dispositivos, datos persoais e a propia saúde.	3		5	1-4	2-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Exercer unha cidadanía dixital crítica coñecendo as posibles accións que se realizan na Rede, identificando as súas repercusións para facer un uso activo, responsable e ético da tecnoloxía.				3-4	1	1-2-3-4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación	Conexión de dispositivos dixitais. Configuración de sistemas operativos e comprende unha serie de saberes relacionados entre si. Parte tanto do coñecemento da arquitectura e dos compoñentes de dispositivos dixitais e os seus dispositivos conectados (hardware) como da instalación e configuración dos sistemas operativos (software) e incide na comunicación entre dispositivos en redes locais e na internet. Finalmente, aborda as posibilidades que proporciona a internet das cousas.	25	20	X		
2	Creación e edición de información e contidos dixitais	Trata os aspectos que poden necesitarse para a procura, selección e arquivo da información e tamén para producir documentos e abórdanse temas como a maquetaxe de textos, o tratamento de datos para a xeración de informes e gráficos ou a incorporación de elementos audiovisuais e de realidade virtual nos documentos. Neste bloque incídese na importancia das ferramentas de traballo colaborativo na rede utilizando unha metodoloxía práctica que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que promovan a creación e a reutilización de contidos dixitais, mantendo unha actitude crítica coa información e de respecto cos dereitos de autor e a propiedade intelectual para unha aprendizaxe permanente. Finalmente, búscase a obtención de habilidades para comunicar e publicar os contidos creados cunha actitude de	15	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Creación e edición de información e contidos dixitais	participación e respecto.	15	30	X	X	X
3	Pensamento computacional	Trata os fundamentos de algorítmica para o deseño, programación e desenvolvemento de aplicacións informáticas para ordenador, dispositivos móbiles e web. Preténdese que o alumnado mellore a súa competencia á hora de desenvolver aplicacións para resolver problemas, introducindo mesmo aspectos de intelixencia artificial, e sempre mantendo unha actitude emprendedora e ética.	25	25		X	
4	Seguridade e benestar dixital. Cidadanía dixital crítica	<p>Unha primeira parte do bloque céntrase nos tres piares da seguridade: os dispositivos, os datos e a integridade das persoas. Busca que o alumnado coñeza e poña en práctica medidas preventivas para lles facer fronte aos posibles riscos e ameazas aos que os dispositivos, os datos e as persoas están expostos nun mundo en que se interactúa constantemente en contornas dixitais.</p> <p>A segunda parte deste bloque ten por obxecto que o alumnado reflexione sobre as interaccións que realiza na rede, considerando a liberdade de expresión, a etiqueta dixital que debe primar nas súas interaccións e o correcto uso das licenzas e a propiedade intelectual dos recursos dixitais compartidos</p>	35	30			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Conectar dispositivos e xestionar redes locais aplicando os coñecementos e procesos asociados a sistemas de comunicación con e sen fíos con autonomía e dun xeito activo.	Conectar dispositivos a redes locais aplicando os coñecementos e procesos asociados a sistemas de comunicación con e sen fíos.	TI	100
CA1.2 - Instalar e manter sistemas operativos configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Manter sistemas operativos configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos analizando compoñentes e funcións dos dispositivos dixitais, avaliando as solucións de maneira crítica e, en caso necesario, reformulando o procedemento.	Identificar problemas técnicos sinxelos analizando compoñentes e funcións dos dispositivos dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura de ordenadores: elementos, montaxe, configuración e resolución de problemas sinxelos. - Sistemas operativos: instalación e configuración de usuario. Instalación de software de uso habitual para a creación de contidos e a xestión de arquivos. - Sistemas operativos: operacións básicas de organización e almacenamento da información. - Sistemas de comunicación e Internet: dispositivos de Rede e funcionamento. Procedemento de configuración dunha Rede doméstica e conexión de dispositivos. - Dispositivos conectados (IoT+ Wearables): configuración e conexión de dispositivos.

UD	Título da UD	Duración
2	Creación e edición de información e contidos dixitais	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Xestionar a aprendizaxe no ámbito dixital configurando a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	Configurar a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	TI	100
CA2.2 - Buscar, seleccionar e archivar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico e seguindo normas básicas de seguridade na Rede.	Buscar e seleccionar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico.		
CA2.3 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.	Crear contidos dixitais, seleccionando as ferramentas máis apropiadas de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.		
CA2.4 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección e arquivo de información. - Creación, maquetaxe e publicación de textos. - Tratamento da información: creación de informes e gráficos derivados do tratamento de datos con follas de cálculo e bases de datos. - Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de son e de vídeo e conversión a outros formatos. - Comunicación de información e contidos dixitais. Presentacións dixitais e infografías en diferentes plataformas dixitais. - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. - Utilización da realidade virtual, aumentada e mixta. - Publicación e difusión responsable en redes.

UD	Título da UD	Duración
3	Pensamento computacional	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos de intelixencia artificial, valorando a importancia de facer un uso ético do tratamento da información na elaboración de aplicacións.	Comprende o fundamento básico dos algoritmos de intelixencia artificial	TI	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles ou web, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Programa aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles ou web		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. - Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. - Uso de datos. Constantes, variables e estruturas de datos. - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles e/ou webs. - Introducción á intelixencia artificial. Creación de aplicacións prácticas da IA. - Ética no desenvolvemento de aplicacións: nesgo algorítmico, obsolescencia programada.

UD	Título da UD	Duración
4	Seguridade e benestar dixital. Cidadanía dixital crítica	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexe os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet	TI	100
CA4.2 - Configurar e actualizar contrasinais, sistemas operativos e antivirus de forma periódica nos distintos dispositivos dixitais de uso habitual.	Configurar e actualizar contrasinais		
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións, desenvolvendo prácticas saudables e seguras e valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Identifica ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións, desenvolvendo prácticas saudables e seguras e valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.		
CA5.1 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade e as licenzas de uso e propiedade intelectual na comunicación, colaboración e participación activa na Rede.	Aplica as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade e as licenzas de uso e propiedade intelectual na comunicación, colaboración e participación activa na Rede.		
CA5.2 - Recoñecer as achegas das tecnoloxías dixitais nas xestións administrativas e no comercio electrónico, sendo consciente da brecha social de acceso, uso e aproveitamento das devanditas tecnoloxías para diversos colectivos.	Recoñecer as achegas das tecnoloxías dixitais nas xestións administrativas e no comercio electrónico.		
CA5.3 - Valorar a importancia da oportunidade, facilidade e liberdade de expresión que supoñen os medios dixitais conectados, analizando de forma crítica as mensaxes que se reciben e transmiten tendo en consideración a súa obxectividade, ideoloxía, intencionalidade	Aanaliza de forma crítica as mensaxes que se reciben e transmiten tendo en consideración a súa obxectividade, ideoloxía, intencionalidade		
CA5.4 - Analizar a necesidade e os beneficios globais dun uso e desenvolvemento ecosociable responsable das tecnoloxías dixitais, tendo en conta criterios de accesibilidade, sostibilidade e impacto.	Analiza a necesidade e os beneficios globais dun uso e desenvolvemento ecosociable responsable das tecnoloxías dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade de dispositivos: accións de configuración específicas. Contrasinais e aplicacións relacionadas, medidas preventivas e correctivas para facer fronte a riscos, ameazas e ataques a dispositivos. - Seguridade e protección de datos: identidade, reputación dixital, privacidade e pegada dixital. Medidas preventivas na configuración nas redes sociais e na xestión de identidades virtuais. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que se han adoptar fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta e prácticas de uso saudable. Situacións de violencia e de risco na Rede (ciberacoso, sextorsión, acceso a c - Interacción na Rede: liberdade de expresión, etiqueta dixital, propiedade intelectual e licenzas de uso. Formas de

Contidos

- licenciar unha obra ou un contido.
- Educación mediática: xornalismo dixital, blogosfera, estratexias comunicativas e uso crítico da Rede. Ferramentas para detectar noticias falsas e fraudes.
- Xestións administrativas: servizos públicos en liña, rexistros dixitais e certificados oficiais.
- Comercio electrónico: facturas dixitais, formas de pago e criptomoedas.
- Ética no uso de datos e ferramentas dixitais: intelixencia artificial, nesgos algorítmicos e ideolóxicos, soberanía tecnolóxica e dixitalización sostible.
- Activismo en liña: plataformas de iniciativa cidadá, cibervoluntariado e comunidades de hardware e software libres.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador persoal - dispositivos dixitais.
Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.

Materials e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Cada alumno/a terá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

Os contidos da materia e a proposta de ensino-aprendizaxe (tarefas, proxectos e diario de aprendizaxe) estarán a disposición do alumnado na aula virtual da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Esta proba servirá para promover a autoconciencia do estudante acerca de que (non) sabe, que se dispón a estudar, e de que aspectos que xa coñece lle van a servir para aprehandelos. Dita avaliación inicial consistirá tarefas de diferente índole. Pode consistir nunha actividade formal ou un discurso interactivo, que deberá ter como eixe vertebrador as Competencias Clave (CC), así como os coñecementos nucleares e as destrezas instrumentais básicas da materia - máis que baseada en contidos ou conceptos básicos de cada curso-, non só pola súa pertinencia didáctica, senón tamén para que o alumnado comprenda e acepte a necesidade do adestramento en determinado tipo de actividades que lle axudarán a mellorar os seus coñecementos e destrezas .

Así mesmo, poderanse incluír ao comezo de cada tema tarefas que poidan ofrecer información diagnóstica a respecto dos coñecementos previos do alumnado. Unha das vantaxes da avaliación diagnóstica deste tipo é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara os temas que se van traballar, permitindo así para cada unidade concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os/as estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación.

Por último, puntualizar que ditas tarefas ou probas iniciais poden ser valoradas numericamente, o mesmo que calquera outra actividade da unidade, formando parte así do computo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	15	25	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso estableceuse segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda, estableceuse unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda, os instrumentos de avaliación réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a cualificación final resultará da media das tres avaliacións parciais, matizando a ponderación diferente en cada unha pola distribución crecente do seu peso ao longo do curso, nunha progresión de 25% na 1ª avaliación, 35% na 2ª avaliación e 40% na terceira avaliación e avaliación final.

A materia de Dixitalización distribúe os C.A. en 4 U.D. En cada unidade didáctica estableceuse o peso que se lle outorga a cada Criterio de Avaliación (C.A.) resultando que:

- As probas de contidos mínimos, que poderán ser dúas ou tres por avaliacións, suman un 20% da nota total da unidade didáctica (20 puntos de 100).
- A dinámica de aprendizaxe do alumnado, que inclúe as tarefas elaboradas no diario de aprendizaxe e a valoración do portfolio dixital, suma un 40% da nota total da unidade didáctica (40 puntos de 100).
- Proxectos competenciais. A materia organízase en diferentes desafíos que agrupan os contidos por bloques e o desempeño das competencias. Estes proxectos suman outro 40% a nota total da unidade didáctica (40 puntos de 100).

O novo marco lexislativo, na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliacións da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece a obrigatoriedade de considerar o grao de dominio das competencias do alumnado tanto na avaliación continua como nas avaliacións finais de cada etapa educativa. Esta debe estar integrada coa avaliación do contidos, pois ser competente supón «mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora». Á súa vez, ábrese a posibilidade de medir os niveis de desempeño das competencias a través de indicadores de logro, tales como rubricas ou escalas de avaliación. Neste senso, ao incluír na práctica de aula unha maior variedade de instrumentos de avaliación que a que ofrece esta plataforma no momento presente, todos os C.A. incorporan como instrumentos de avaliación as táboas de indicadores, que se usarán tanto para avaliar as probas competenciais, os desafíos do proxecto emprendedor, as tarefas elaboradas polo alumnado e o portfolio, entendendo este instrumento de forma ampla, dende listas de cotexo ou de verificación a rubricas, ambas fundamentadas nos descritores operativos das competencias.

Os proxectos de carácter competencial terán como finalidade a demostración dos coñecementos e destrezas adquiridos a partir da identificación, análise e interpretación de diversas situacións didácticas, poñendo en práctica as competencias e metodoloxías propias da materia de Dixitalización. Basearase, por tanto, na adquisición dos coñecementos nucleares, das destrezas instrumentais básicas do ámbito e da materia, e das competencias clave.

- Os proxectos competenciais de cada avaliación incluírá os contidos impartidos dende o comezo do curso ata o momento de realización da mesma.
- Teranse en conta os mínimos exixibles e as aprendizaxes imprescindibles, seleccionados a partir dos criterios de avaliación da materia
- Na cualificacións doa proxectos competenciais teranse en conta, entre outros, os descritores operativos das Competencias Clave correspondentes cos obxectivos a acadar, outorgando especial importancia á Competencia Dixital (CD) e a Competencia Cidadá (CC).

Coas probas de contidos mínimos, pretendemos que o alumnado asimile os datos e contidos básicos e os coñecementos nucleares propios de cada curso, que se avaliarán mediante probas escritas e/ou telemáticas de resposta curta e/ou tipo test, tanto de resposta simple como múltiple.

- Os contidos das probas serán seleccionados a partir dos criterios de avaliación, dando prioridade aos contidos mínimos exixibles.
- Respecto á cualificación das preguntas de tipo test ou de resposta curta, cada resposta errada restará a metade da puntuación asignada a cada unha das respostas correctas, mentres que as preguntas non contestadas non se puntuarán.
- O/a estudante deberá acadar unha cualificación mínima de 1,05 puntos (o 35% da nota total das probas de contidos) para facer media nas avaliacións coa proba global competencial.
- Na puntuación da dinámica de traballo do alumnado contemplarase a progresión da aprendizaxe a través da cualificación dos seus desempeños a respecto dos indicadores de logro dos descritores operativos correspondentes ás Competencias Clave, especialmente a través da elaboración e entrega con carácter obrigatorio dun ou varios retos en cada avaliación.
- Ligado a esta valoración da dinámica de traballo diaria do alumnado, poderase levar a cabo a revisión do seu caderno e/ou portfolio na aula virtual da materia, co fin de comprobar o seguimento dos contidos, a súa corrección, a inclusión de anotacións significativas sobre información relevante aportada polo/a profesor/a de cara ás probas, os criterios de presentación que permitan un adecuado estudo ao alumno ou alumna; así como para detectar posibles dificultades que estean a interferir no seu proceso de aprendizaxe. Para acadar este obxectivo contémpanse tarefas de autoavaliación e metacognición de xeito pautado que permitirán á persoa docente comprobar as correccións dos erros, mellora na asimilación dos contidos, así como a autonomía e responsabilidade coa súa propia aprendizaxe por parte do alumnado.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Proxectos competenciais x 40)+ (Nota das probas de contidos mínimos x 20) + (Dinámica de

aprendizaxe x40) / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase ás cualificacións aprobadas, é dicir, que teñan como resultado 5 ou mais puntos, o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poder poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación. No caso de que a cualificación final da avaliación sexa menor de 5 puntos -é dicir, suspensa-non se redondearán os decimais para acadar o aprobado (por exemplo, se un alumno/a obtén como cualificación final un 4,75 non se redondeará a cifra para acadar o 5).

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 25) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 35) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 40)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se poderán examinar todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Ao tratarse de avaliación continua o alumnado poderá recuperar os contidos e destrezas ao longo curso, a través das probas realizadas nas distintas avaliacións, que contan cunha ponderación progresiva ata acadar o 40% na 3ª avaliación.

A persoa docente poderá establecer diferentes medidas de reforzo para o alumnado que non acade o aprobado: realizará retroalimentacións formativas específicas, aconsellará a cada estudante sobre técnicas de estudo apropiadas ao seu estilo de aprendizaxe e necesidades e poderá atribuír tarefas de reforzo de realización exclusiva na aula coas escadas e guías pertinentes para o apoio á dinámica de aprendizaxe.

Non se establecerán diferenzas significativas entre o alumnado en funcións de si reciben ou non axuda pedagóxica fóra do horario lectivo, desbotándose, por tanto, as tradicionais fichas ou cadernos con tarefas de reforzo para entregar.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Formularanse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que a persoa docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar será elaborado pola persoa docente ou polo persoal de apoio na aula, co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico			X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde				X
ET.10 - Formación estética				X
ET.11 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable				X
ET.12 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rubricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados